

DILIXENCIA DE CORRECCIÓN DE ERROS

Detectado un erro na acta do día 23/09/2024 por omisión do arquivo correspondente a gravación da sesión, queda como sigue:

11/2023.- ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE DO PLENO DO CONCELLO DO DÍA 23 DE SETEMBRO DE 2024

No salón de sesións da Casa do Concello das Pontes de García Rodríguez, o día 23 de setembro de 2024, ás once horas e cincuenta minutos reúnense, baixo a presidencia do alcalde, asistido da secretaria que referenda, os concelleiros e concelleiras que se relacionan, co fin de desenvolver a sesión extraordinaria urxente do Pleno do Concello, en primeira convocatoria.

PRESIDENTE:

Valentín González Formoso

CONCELLEIROS E CONCELLEIRAS:

Ana M^a Pena Purriños

Elena López Seco

María Tania Pardo Cabarcos

Lorena Tenreiro Blanco

Francisco da Silva Vello

M^a del Carmen Dopico Rodríguez

Fernando Vilaboy Ledo

NON ASISTEN CON ESCUSA:

Roberto Rivera Rego

María Jesús Romero Franco

Carmela Franco Caaveiro

Diego Balsa Bellas

SECRETARIA:

Marina Núñez Orjales

INTERVENTORA:

Cristina Morán Monzo

Aberta a sesión, trátanse os seguintes asuntos incluídos na

ORDE DO DÍA

1º) RATIFICAR A URXENCIA DA SESIÓN.

O alcalde somete a urxencia da sesión á votación, á vista da constancia da credencial do concelleiro, e da presentación das declaracións de bens de intereses ante a Secretaría do concello o día 19/09/2024.

Sometida a urxencia a votación, apreciase por parte de cinco concelleiros e concelleiras do PSdeG-PSOE. Votan en contra o BNG (dous votos) e o PP (dous votos).

2º) TOMA DE POSESIÓN DE MANUEL RODRÍGUEZ LÓPEZ COMO CONCELEIRO INCLUÍDO NA CANDIDATURA DO PSDEG- PSOE.

O alcalde da posesión ao concelleiro Manuel Rodríguez López, elixido como representante da candidatura do Partido socialista de Galicia (PSdeG-PSOE); para iso, invita ao concelleiro a que preste xuramento ou promesa do cargo, de acordo coa fórmula prevista no Real decreto 707/1979, do 5 de abril, polo que se establece a fórmula de xuramento en cargos e funcións públicas.

A continuación, o concelleiro do Partido socialista de Galicia (PSdeG-PSOE), Manuel Rodríguez López, manifesta:

"Prometo cumprir as miñas funcións fiel e honradamente como concelleiro, prometo cumprir coa Constitución, esperando que esta se reforme, porque xa ten máis de 45 anos e vaille sendo hora".

REMATE DA SESIÓN

Finalmente, a presidencia dá por rematada a sesión ás once horas e cincuenta e cinco minutos, estendéndose dela esta acta, da que, como secretaria, certifico.

A secretaria

Marina Núñez Orjales

O presidente

Valentín González Formoso

ARQUIVO DE VÍDEO E AUDIO

O arquivo correspondente a gravación realizada durante a sesión ordinaria do Pleno da Corporación do Concello das Pontes de García Rodríguez do día 23/09/2024 é auténtico.

O arquivo de vídeo da gravación do Pleno ten o seguinte "hash" ou identificador:

494A38AE04834094C35F653B774CC91FD8019BE23CF597A4072B61968532170D

Este identificador foi calculado aplicando ao ficheiro o algoritmo SHA256. Deste xeito, no caso de que non se modifique o ficheiro de vídeo, e aplicando o mesmo algoritmo, o identificador resultante será o mesmo que consta neste documento.

O arquivo de audio da gravación do Pleno ten o seguinte "hash" ou identificador:

21DD1515A23E55F2B5FCB7A3EC946FC55A6D72C6B2DDBC7A3DF150FDFC22BFF9

Este identificador foi calculado aplicando ao ficheiro o algoritmo SHA256. Deste xeito, no caso de que non se modifique o ficheiro de audio, e aplicando o mesmo algoritmo, o identificador resultante será o mesmo que consta neste documento

A secretaria

Marina Núñez Orjales